

NOTA DE PRENSA

Os futuros médicos galegos afondan no valor terapéutico das augas medicinais da comunidade

Estas augas deben cumprir certos requisitos como procederen dunha fonte subterránea, conter máis dun gramo de mineralización e ter unha temperatura superior aos 20 °C

Santiago, 8 de abril de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o edificio docente Roberto Novoa Santos da USC acolle esta tarde unha nova sesión dirixida a futuros facultativos expertos na cura termal. A responsable de impartir esta xornada será a doutora **Idoia Garaizabal**, directora médico do Grupo Relais Termal, que aglutina a balnearios de toda España, incluído o balneario Acuña, situado na localidade pontevedresa de Caldas de Reis.

A doutora **Garaizabal**, especialista en hidroloxía médica, centrarase no valor das augas mineiromedicinais, na súa clasificación, nas diferentes técnicas de análise que existen, así como nos seus mecanismos de acción sobre o organismo. Sinala que a hidroloxía é a rama da ciencia que se dedica ao estudo das augas na súa extensión máis ampla. Pola súa parte, a hidroterapia fai referencia ao estudo das augas minerais con fins terapéuticos.

A doutora indica que a hidroterapia é a utilización da auga potable ordinaria con fins terapéuticos, sen considerar os efectos derivados da súa composición química. Pola súa parte, na hidroloxía aplícase a auga mineiromedicinal, polo que resulta fundamental a composición química específica de cada tipo de auga, xa que influirá de maneira decisiva nos seus efectos beneficiosos sobre o organismo, de cara a tratar diferentes doenzas. Ademais, destaca que a hidroterapia pode aplicarse en calquera sitio onde chegue a auga potable; mentres que no caso da hidroloxía a súa aplicación só pode levarse a cabo no mesmo lugar onde emerxen as augas mineiromedicinais, a través dos balnearios ou estacións termais.

Así, a hidroterapia baséase na administración, sempre externa, da auga potable, que só ten efectos de tipo físico sobre o organismo. Fronte a isto, a hidroloxía emprega augas mineiromedicinais, que se poden administrar por tódalas vías, con efectos físicos e tamén químicos sobre o organismo.

A doutora **Garaizabal** explica que existen unha serie de condicións indispensables para considerar as augas mineiromedicinais como tales. En primeiro lugar, deben proceder dunha fonte subterránea e non estar bacterioloxicamente contaminadas. Deben conter máis dun gramo de mineralización e a súa composición físico-química debe permanecer inalterable no tempo. A súa temperatura será superior aos 20 °C, deberán ter demostrados os seus efectos terapéuticos e seren declaradas de utilidade pública polo organismo competente.